



ORGANIZACIÓN DO CENTRO - CURSO ESCOLAR 2021/2022

(De acordo co establecido no Protocolo de Adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non Universitario de Galicia para o curso 2021-2022)

INICIO DE CURSO: 9 de setembro (Infantil e Primaria)

HORARIOS

EDUCACIÓN INFANTIL

Entrada: Iniciarase a entrada progresiva do alumnado de infantil **a partir das 9.30h**. A entrada farase entre as 9.30h e as 9.35h comezando polo alumnado de 5 anos (6ºEI), a continuación o alumnado de 4 anos (5ºEI) e finalmente entrará o alumnado de 3 anos (4ºEI).

O alumnado non transportado de 4º de infantil (3 anos) poderá vir acompañado dun proxenitor ou adulto autorizado pola familia e accederá ás instalacións do centro a partir das 9:30h, **non antes desa hora**.

O alumnado transportado será ubicado no patio coeducativo, a medida que vaia chegando o transporte e estará atendido por profesorado de garda ata que accedan as súas aulas respectivas.

Comedor: dende as 14:20h ata as 15:10h.

Saídas: o alumnado que non sexa usuario de comedor sairá do centro ás 14:30h e será entregado aos seus proxenitores na porta de acceso correspondente a infantil.

O alumnado usuario de comedor sairá do mesmo ás 15:10h momento no cal serán entregados ás familias polo persoal colaborador do comedor, na entrada do recinto escolar. Terán a opción a saír do centro ás 16:00h.

O alumnado transportado abandonará o centro ás 16:00h.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Entrada: accederán ao centro entre as 9:20 e 9:30h e dirixiranse directamente as súas aulas de referencia de forma ordenada.

O alumnado transportado baixará do bus e a continuación accederá ás súas aulas de referencia de forma ordenada.

Comedor: dende as 14:30 ata as 15:15h.

Saídas: o alumnado que non sexa usuario de comedor sairá do centro ás 14:30h e será entregado aos seus proxenitores nas portas de acceso correspondentes a cada grupo.

O alumnado usuario de comedor sairá do mesmo ás 15:15h momento no cal serán entregados ás familias polo persoal colaborador do comedor, na entrada do recinto escolar. Terán a opción a saír do centro ás 16:00h.

O alumnado transportado abandonará o centro ás 16:00h.



NORMAS XERAIS

- Na entrada do recinto escolar (cancela grande) habilitaranse dúas vías diferenciadas por vallas para mellorar e axilizar o fluxo de entradas e saídas gardando as distancias de seguridade.
- Os servizos de comedor e transporte estarán en funcionamento o 9 de setembro.
- As familias asinarán a declaración responsable de realizar diariamente a enquisa de autoavaliación da Covid antes de acudir ao centro e a obriga de non enviar ao alumnado en caso de presentar calquera dos síntomas compatibles coa Covid.
- De acordo co Protocolo de Adaptación ao contexto da Covid-19 no apartado 7.1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con Covid-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de Covid-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa diagnosticada de Covid-19. Tampouco acudirán aos centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.
- As ausencias por sintomatoloxía Covid deberán ser comunicadas ao Equipo Covid así como os casos positivos. Teléfono de atención e comunicación coa coordinadora do Equipo Covid: 982.870315.
- As familias non poderán acceder ao recinto escolar (a excepción das familias do alumnado de 3 anos e para a recollida do alumnado ás 14:30h) salvo razóns xustificadas ou relacionadas con procesos administrativos, ou cando a presenza sexa requirida polo propio centro. O centro establecerá horarios específicos para a atención das familias non coincidentes con horarios de entrada e saída nin con intercambios de clase ou recreos.
- Para asuntos relacionados con secretaría ou dirección, contactar co centro para solicitar cita previa (982.870314)
- O alumnado que non sexa transportado pero que algún dos proxenitores traballe no centro educativo, tanto persoal docente como non docente accederán ao centro cando os proxenitores inicien a súa xornada laboral.
- O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das excepcións previstas no ordenamento xurídico. A obriga de utilización de máscara



farase efectiva no momento no que o alumno/a cumpra os 6 anos de idade independentemente do curso no que se atope matriculado.

Na etapa de Educación Infantil, sempre que sexa posible usarase a máscara.

- Tal e como se recolle no Protocolo de Adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non Universitario de Galicia para o curso 2021-2022 no punto 14.14. Será obriga do alumnado levar, como mínimo, unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.
- Os libros de préstamo de 3º e 4º de Primaria serán entregados ao alumnado nas súas aulas nos primeiros días lectivos.
- As familias do alumnado de 5º de Primaria serán convocadas a unha reunión informativa sobre o proxecto E-Dixgal e a cesión dos equipos.

PORTAS DE ACCESO AO CENTRO EDUCATIVO

Porta de Infantil: accederán ás aulas por esta porta os seguintes cursos: 4º, 5º e 6º de Infantil e 1º, 3º e 4ºB de Primaria.

Porta de acceso principal: accederán as aulas por esta porta os seguintes cursos: 2º e 4ºA de Primaria.

Porta exterior dereita: accederán as aulas por esta porta 5º e 6º de Primaria.

REUNIÓNS DE TITORÍAS

Cada titora comunicará ás familias o día e hora da reunión inicial de titoría. Un membro por familia.

DOCUMENTOS

O Protocolo de Adaptación ao contexto da Covid-19 do centro e o Plan de Continxencia serán publicados na páxina web.

*****Toda a información relevante do centro, durante o curso, será publicada na páxina web do colexio. É importante revisar a web con certa periodicidade e dispoñer de abalarMobil para recibir as notificacións do centro.**

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipocantel/>